

Artigo 9 .- Cláusulas Particulares. Nos nomeamentos temporais, e nos nomeamentos en promoción interna temporal, poderán incorporarse cláusulas particulares, baseadas na normativa vixente, relativas á súa duración ou aos dereitos e obrigas inherentes aos mesmos.

No texto deste artigo recóllese que se poderán incorporar cláusulas particulares baseadas na normativa vixente. Segundo a Administración isto é para maior garantía da/o profesional contratado. Xa sabemos de sobra que esta Administración está moi preocupada polas garantías do persoal!

Segundo a normativa vixente, iso significa que nos nomeamentos temporais podería aparecer unha cláusula de mobilidade por razón do servizo; **DENTRO OU FORA DO TEU CENTRO DE TRABALLO OU DA TÚA ÁREA SANITARIA.**

Así se recolle ao Plan de Ordenación de Recursos Humanos do SERGAS:

O supostos de mobilidade fóra do ámbito do nomeamento poderán obedecer ás seguintes circunstancias: (OU A OUTRAS QUE DETERMINE A ADMINISTRACIÓN)

a) Traslado definitivo de unidades a outros centros situados fóra do ámbito correspondente ao nomeamento.

b) Traslado temporal das unidades ou servizos, debido a obras ou a outros motivos que determinen a indispoñibilidade funcional das infraestruturas.

c) Traslado temporal a outras áreas sanitarias, cando as necesidades asistenciais da poboación dunha área non poidan ser garantidas cos recursos humanos propios desta.

Nos supostos b) e c), a adopción das medidas limitarase ao tempo indispensable para

outorgar a debida cobertura asistencial de acordo coas circunstancias que a motivaron ou, de ser o caso, ata dotar nos correspondentes cadros de persoal o número de prazas necesario para dar cobertura ás necesidades detectadas.

CIG-SAÚDE rexeita esta orde de vínculos pensada en exclusividade para desregular as condicións laborais das/os traballadoras/es. Esiximos que se anule este artigo, que o persoal preste servizo na unidade ou centro no que foi contratado.

NON Á MOBILIDADE FORZOSA!

[Descarga e difunde!](#)